



Concello A Guarda

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 10 DE XANEIRO DE 2018.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as trece horas do día dez de xaneiro de dous mil dezaoto, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

D. Miguel A. Español Otero
D^a. Montserrat Magallanes Alvarez
D. Manuel Javier Crespo González
D^a. Teresa Vicente Baz
D. Paulino Rodríguez Gonzalez

Asiste como Secretario o funcionario Secretario Acctal. José Carlos Martínez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DAS BASES DO DESFILE CONCURSO ENTROIDO 2018.

Vistas as bases redatadas reguladoras dos premios do desfile concurso de entroido 2018 e visto o informe de reparo de intervención n.º 1/2018 a Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade, aprobar as seguintes bases do desfile concurso de entroido 2018.

PUNTO 2.- ASUNTOS VARIOS

O sr. Alcalde informa das seguintes cuestión:

- Estase a elaborar un plan de reposición de placas dos nomes das rúas. Solicitouse un orzamento a Avelaiña para poñer algunhas placas de cerámica.
- Informa dos asuntos que se van levar ó vindeiro pleno que son:
 1. a cesión do centro de saúde
 2. a modificación da ordenanza do Imposto sobre os Bens Inmóveis derivada da cesión anterior.
 3. Respaldo ó proxecto da Asociación Piueiro para albergar o EETG 2019.
 4. Aprobación da ordenanza de Emerxencia Social.
 5. Delegación de competencias na Xunta de Galicia para a convocatoria e selección de policía locais e auxiliares de policía local.
 6. Aprobación do proxecto de Urbanización da rúa Subida a San Amaro.

O sr. Español Otero da conta da subvención concedida ó abeiro do Plan Concellos para a compra de pequena ferramenta por importe de 10.000 euros. Asimesmo informa que hai negociacións moi avanzadas para conseguir espazo de estacionamento no centro da vila.



Concello A Guarda

A sra. Magallanes Álvarez informa que se vai convocar á Mesa Local de Comercio para o vindeiro día 22 de xaneiro para falar das obras da rúa Concepción Arenal así como para informar das feiras de oportunidade organizadas por ACIGU.

No habendo máis asuntos que tratar o sr. Presidente levanta a sesión ás 13:20 minutos do día da data, da que eu como secretario dou fe.